

O ESTOUPIDO

CEIP LAMAS DE ABADE - XUÑO, 2017

HA TÍ A SO
EA
JMA XE

Revista Escolar

LIMIAR

A revista que tedes nas vosas mans, coordinada polo Equipo de Dinamización Lingüística do CEIP Lamas de Abade, pretende mostrar algunhas das actividades (porque sería imposible darlle cabida a todas) que se realizaron ao longo deste curso 2016/17 por alumnas e alumnos, mestras e mestres e familias. Para todos as nosas felicitacións polo traballo feito!!

Dende o magosto, pasando polo Samaín, o Nadal, o Día da Paz, o Entroido, que xa forma parte da nosa historia como centro, ata chegar ás Letras Galegas e á celebración da feira medieval no mes de maio, así como as actividades desenvolvidas dentro da aula, no patio, ou na contorna, este traballo pagou a pena. Sen dúbida contribuíu a que o proceso de dinamización da lingua galega na nosa comunidade educativa estea máis preto de se realizar.

Seguide facendo estoupar as verbas do noso idioma, valorádea coma nosa e como o tesouro dun pobo que é.



201.70530-0000043966



EDUCACIÓN INFANTIL

As alumnas e os alumnos de Educación Infantil deixanvos aquí unha mostra dalgunhas das actividades que realizaron ao longo do curso.

Esperemos que vos gusten!

Animádevos a descubrir máis nos códigos QR. Espéranvos moitas sorpresas!





EDUCACIÓN PRIMARIA

En PRIMEIRO, o alumnado preparou este pareado:

"Todos xuntos no patio,
Moi ledos para saír ao teatro".

Nas outras imaxes, aparecen na Escola de Artes e Oficios "Mestre Mateo" como primeira toma de contacto para estudar os oficios medievais.

En SEGUNDO, fixeron moitas saídas, entre elas a Santiago para visitar a escola de Artes e Oficios. No colexio asistimos a contacontos e concertos e celebramos o Entroido e outras festas populares.





En TERCEIRO e CUARTO, as alumnas e os alumnos tamén participaron en moitas actividades.

Aquí vos deixamos unha mostra delas!



Á dereita, algunhas fotografías do alumnado de QUINTO participando nas actividades desenvolvidas ao longo destes meses.

As alumnas e os alumnos de SEXTO, despídense do CEIP Lamas de Abade que os viu crecer con esta cantiga medieval:

AO INSTITUTO IREI

Do colexio imos marchar
porque o curso está a piques de rematar.
Ao instituto irei.

Boas notas debemos sacar
se o título queremos levar.
Ao insituto irei.

Dos amigos ímonos separar,
pero polas redes poderémonos comunicar.
Ao instituto irei.

Moitas cousas lembraremos,
E con Abadiño soñaremos.
Ao instituto irei.

Marchamos, non podemos quedar,
ao Lamas de Abade no corazón imos levar.
Ao instituto irei.

E NÓS LEVARÉMOSVOS A VÓS NOS NOSOS
CORAZÓNS!!

MOITA SORTE, PROMOCIÓN DO 2017!






Estas fotografías son unha pequena mostra da Feira Medieval que se levou a cabo durante este curso 2016/17. Sen a vosa colaboración isto non sería posible. Moitas grazas a todos os membros que conforman a nosa comunidade educativa por colaborar e participar de xeito tan desinteresado na organización deste evento.

E lembrade que estas fotografías son só un exemplo dalgunhas das actividades que, tanto nas aulas coma fóra delas, fixemos ao longo deste curso.

Parabéns!!



Grazas por ensinar aos cativos a cómo pensar.
Grazas por encender a imaxinación.
Grazas por derrubar barreiras.
Grazas por axudar a crecer.
Grazas por usar a educación como unha ferramenta útil para facer un mundo mellor.
Grazas por ser un modelo a seguir.
Grazas. Teresa!!!



